



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiola Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Angel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cruces Colado, Susana
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Ortiz Torres, Luis
Pena Rodríguez, Alberto
Pousada Carballo, José María
Suárez Pazos, Mercedes
Sueiro Justel, Joaquín
Vidal Vázquez, Ricardo
PDI-A
Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
PDI-B

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Insua, Ana Elina
Rodeiro Iglesias, Javier
ESTUDANTES:

Alvarez Pereira, Carmen Susana
Fariñas Valiña, Iago
Gómez Fernández, Sadoth
Puga Alonso, Javier
Ríos Curras, Moisés
Tourón Estevez, Sonia
PAS

Bernal Gómez, Rosa
CONSELLO SOCIAL
Pérez Mato, Federico
López Atrio, María Laura

DESCULPAN ASISTENCIA

Pérez Losada, Fermin E.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de xullo de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 23 de xullo de 2008, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de xuño de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para traslados na Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro.
4. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.
5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia da Facultade de Belas Artes para o curso 2008-2009.
6. Aprobación, se procede, da inclusión no POD da docencia impartida en programas de doutoramento e masters oficiais.
7. Aprobación, se procede, da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES.
8. Aprobación, se procede, da execución da sentenza respecto á RPT de PAS funcionario de 2006.
9. Aprobación, se procede, de modificacións parciais da RPT de PAS funcionario.
10. Aprobación, se procede, da modificación do plan de estudos conducente a titulación propia de Graduado Superior en Deseño Téxtil e Moda.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Curso de especialista en dirección e xestión de recursos humanos – Curso de especialista en dirección e organización das actividades produtivas.

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento de actuacións de investigación no marco da campaña inaugural do buque oceanográfico Sarmiento de Gamboa – Declaración de intencións coa Universidade de Bretagne-Sud (Francia) para a cooperación no ámbito laboral – Convenio específico de colaboración coa Université Cadi Ayyad (Marrocos) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Dakota do Sur (EE.UU.) – Convenio específico coa Universidade de Dakota do Sur (EE.UU.) para o intercambio de estudantes – Convenio académico internacional coa Universidade de São Paulo para o intercambio de estudantes, docentes, investigadores e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios – Protocolo de intencións e colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria – Convenio específico de colaboración co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, o Instituto Tecnolóxico de Rocas Ornamentais e Materiais da Construción, a Universidade de Zaragoza, a Universidade Politécnica de Madrid, a Universidade de Granada, a Universidade Autónoma de Barcelona e a Universidade de Alacante, para a realización dunha base de datos de rocas ornamentais e da construción, aplicada tanto a restauración do patrimonio histórico-arquitectónico como a obras civís, no ámbito do estado español – Convenio coa Fundación Universidade de Vigo, para a xestión delegada da realización das prácticas preprofesionais do alumnado da Universidade de Vigo.
13. Elección para cubrir unha praza vacante do sector estudantes no Consello Social.
14. Elección para cubrir unha praza vacante do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.
15. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (1 profesor e 2 estudantes), Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 estudante) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social e 1 estudante).
16. Rogos e Preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de xuño de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor sinala que houbo reunión do Consejo de Universidades o día 15 de xullo, ao que asistiu a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, á que o reitor cede a palabra para que informe aos membros de Consello de Goberno.

A vicerreitora destaca os puntos mais salientables do Consejo de Universidades:

1. Situación da verificación de plans de estudo.

Nunha primeira fase, 140 plans foron verificados. Articulouse un procedemento excepcional para resolver alegacións. Nesta fase 13 universidades defenderon 48 plans dos 60 rexeitados inicialmente. Deses, 23 obtiveron finalmente verificación positiva. En total verificáronse positivamente 163 plans de estudo de grao de 33 universidades públicas e privadas.

Como obxectivo a conseguir no futuro inmediato fíxase resolver as malas prácticas adquiridas nestes meses, por exemplo o filtrado de información confidencial. Para iso definírase un procedemento de comunicación entre o MICINN e a ANECA para establecer que evite o anterior.

Polo que respecta ás denominadas “fichas” de plans de estudos correspondentes a profesións reguladas de enxeñaría: a comisión das técnicas elaborou a proposta definitiva, resta o trámite de audiencia aos colexios profesionais. O Ministerio non se aventura a dar data de publicación no BOE.

2. Estratexia “Universidade 2015”.

A ministra anunciou a posta en marcha dun ambicioso programa de goberno, denominado “Estratexia Universidade 2015” que busca a excelencia e internacionalización do sistema universitario español, en particular, do sistema público, que se articulará en diversas accións coas CCAA.

Os obxectivos a acadar son:

1. Un maior nivel de competencia con sistemas de goberno adecuados.
2. Unha maior proxección internacional.
3. Un maior compromiso social.
4. Unha maior cooperación ao desenvolvemento.
5. Un modelo de financiamento sustentable e compartido.

Por outra banda, no Consejo de Universidades deuse informe favorable aos acordos de Consejo de Ministros e as correspondentes ordes ministeriais polos que se establecen as condicións ás que deben adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para as profesións reguladas de:

- Dietista-Nutricionista
- Logopeda

- Optico-optometrista
- Podólogo
- Terapeuta ocupacional

3. Nova “selectividade”.

Na reunión do Consejo de Universidades deuse informe favorable ao borrador do real decreto polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias e os procedementos de admisión as universidades españolas. Este borrador esta aínda en fase de depuración técnica e de estilo, pero a intención é que sexa publicado ao comezo do curso 2008-09.

Regúlase tanto a modalidade de acceso dos estudantes en posesión dun título de bacharelato, como ás restantes modalidades de acceso á universidade: estudantes procedentes doutros ensinos do sistema educativo español e doutros sistemas educativos, e o acceso de maiores de vinte e cinco, ou de corenta e cinco anos. Regula tamén un novo acceso á universidade para aqueles que acreditando unha determinada experiencia laboral ou profesional non dispoñan da titulación académica legalmente establecida ao efecto.

A proba de acceso aos ensinos universitarios de grao estrutúrase en dúas partes denominadas respectivamente fase xeral e fase específica. A fase xeral é basicamente a proba actual, mentres que a fase específica da proba ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos, que permita mellorar a cualificación obtida na fase xeral. A inclusión desta fase específica dará maior flexibilidade tanto aos estudantes, como as universidades.

No debate, saíron a relucir aspectos relativos ao aumento da complexidade organizativa e orzamentaria que esta nova proba suporá para as universidades.

4. Informe da directora da ANECA.

Por último, do informe da directora da ANECA dona Gemma Rauret destaca dous temas:

PROGRAMA ACADEMIA

Antes do 1 de agosto resolveranse unhas 1.600 resolucións presentadas por TEUs e 1.000 das restantes. A porcentaxe de acreditacións non automáticas (TEU á TU) informadas positivamente anda polo 71%.

PROGRAMA VERIFICA

A planificación para o futuro próximo co obxectivo de acadar a total transformación dos plans de estudos actuais para o ano curso 2010-11 basease en:

- O desdoblamento das comisións de avaliación (CE) naquelas ramas cun número de títulos máis numeroso (X-S).
- A diferenciación das comisións de avaliación de grao e máster, incrementando o número de expertos que poidan participar.
- O reforzo á capacidade técnica e directiva da ANECA.
- A colaboración dalgunhas axencias de avaliación das CCAA.

Informa seguidamente o reitor da reunión da ACSUG, onde se presentaron tres cuestións:

- O programa DOCENTIA de avaliación da calidade docente do profesorado, estará en marcha en setembro.

- A verificación de títulos prevese que será masiva para este curso e tentarán chegar a acordos de colaboración coa ANECA para encargarse da verificación dos masters, sen descartar algunha colaboración nos graos. Recomendán adiantar o traballo o que se poida graduando os envíos á ANECA de forma progresiva.

- Por último, decidiuse a ampliación do prazo ata o 29 de xullo para a presentación do complemento de excelencia curricular para este curso.

Informa tamén de dúas xuntanzas recentes dos reitores coa Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria sobre a transformación dos títulos para pechar o mapa de titulacións. Con respecto á proposta da Universidade de Vigo non houbo ningún reparo, en cambio ca proposta da Universidade de Santiago de Compostela si houbo obxeccións en relación a titulación de nutrición que quedará para o 2010. En relación á Universidade da Coruña houbo reparos porque fan a proposta de grao de empresariais e grao de estudos empresariais, entendendo que se trata de dous títulos diferentes e solicitan que expertos fagan un informe sobre si é ou non un título diferente. Queda para o ano que ven, e as Universidades de Vigo e Santiago resérvanse o dereito de facer unha proposta a maiores se o informe é favorable.

Por último, informa o reitor que a Oficina de Medio Ambiente pasa a denominarse área de "Prevención e Calidade Ambiental" e se nomea como director ao Prof. Benedicto Soto González, Titular de Universidade da Área de Edafoloxía e Química Agrícola (Facultade de Ciencias de Ourense).

Punto 3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para traslados na Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro.

Cédese a palabra á secretaria xeral, quen sinala que desde a Escola de Enfermería do Hospital do Meixoeiro se solicita a este Consello de Goberno que o número máximo de alumnos de traslado a ese centro para o curso académico 2008/09, sexa de 4, dous alumnos para segundo curso e dous para terceiro.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José R. Rúa Rodríguez.

Ten sido invitado como interesado o Prof. Rúa Rodríguez.

Cédese a palabra á secretaria xeral, quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Rúa Rodríguez contra os acordos adoptados pola Xunta de Facultade de Belas Artes celebrada o 23 de xuño de 2008.

O Prof. Rúa Rodríguez ampara o seu recurso no incumprimento do disposto no artigo 9.5 do Regulamento de réxime interno da Facultade de Belas Artes, que obriga a achegar a documentación relativa aos puntos da orde do día no mesmo tempo ca convocatoria, na secretaría do decanato da Facultade ou no lugar que se indique na convocatoria.

Subsidiariamente a esta argumentación, o Prof. Rúa Rodríguez entende que o contido dos acordos adoptados contradí o plan de estudos de Belas Artes, autorizado pola ANECA.

O informe de asesoría xurídica parte da consideración de que é necesario pronunciarse primeiramente sobre a posible irregularidade da convocatoria en canto se trata dun presunto vicio de nulidade.

Neste sentido, unha vez constatado que a documentación relativa aos puntos da orde do día non estivo a disposición dos membros da Xunta de Facultade nos prazos previstos no art. 9.5 do Regulamento de réxime interno da Facultade de Belas Artes, debe concluírse que a convocatoria é nula por tratarse da omisión dun trámite esencial do procedemento (art. 62 LRJPAC). A apreciación deste vicio de nulidade fai que non sexa oportuno entrar nos seguintes argumentos presentados polo Prof. Rúa Rodríguez posto que a nulidade da convocatoria trae consigo a nulidade de todos os acordos acadados na Xunta de Facultade.

De acordo co anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación do recurso de alzada presentado polo prof. Rúa Rodríguez e, polo tanto, declarar a nulidade da convocatoria da Xunta de Facultade de Belas Artes celebrada o 23 de xuño deste ano.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia da Facultade de Belas Artes para o curso 2008-2009.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen inicia a súa intervención sinalando que ante a presentación do recurso de alzada por parte do Prof. Rúa Rodríguez, ao que se fixo referencia no punto anterior, por vicios na convocatoria, o decano da Facultade de Belas Artes, convocou novamente Xunta de Facultade con todas as garantías legais, e esta celebrouse o 8 de xullo de 2008, como consta na documentación. Nesa Xunta de Facultade aprobouse o encargo de docencia que foi informado favorablemente na COAP do 22 de xullo.

Asentado isto, entra xa o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado no punto da orde do día, e procede a resumir o proceso de xeración deste encargo e as súas características máis salientables. O proceso iniciábase coa solicitude por parte da Vicerreitoría á Facultade de Belas Artes dunha táboa de materias coa descrición da carga docente das mesmas e do número de grupos que se considerase necesario. Solicitouse tamén identificar aos departamentos responsables de cada materia. E, ademais, tendo en conta o interese da Facultade de implantar máis dun curso do grao no primeiro ano solicitouse un plan de vinculacións de materias da licenciatura coas materias do grao co obxecto de que compartiran recursos onde fose posible.

Na documentación anexa constan materias do grao coa expresión de créditos que significan decenas de horas presenciais e número de grupos, así como decenas de horas presenciais do profesor, equivalentes aos actuais créditos. Tamén constan as horas de docencia aos departamentos proposto pola facultade.

Para terminar fai referencia ás principais modificacións do encargo na licenciatura:

- ✓ Anúlase o encargo de 1º.
- ✓ Mantense para 2º a 5º o mesmo encargo de docencia (materias asignadas a áreas de coñecemento nos departamentos) aprobado en Consello de Goberno no 05/03/08.
- ✓ Redúcese a 1 grupo a docencia de 2º e 3º.
- ✓ Redúcense grupos por vinculación a certas materias do grao e intercámbianse de cuadrimestres 6 materias (3 á 3).

Propón o vicerreitor aprobar o encargo docente que consta como **anexo I**, e quedando delegado na COAP a aprobación do POD dos departamentos.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da inclusión no POD da docencia impartida en programas de doutoramento e masters oficiais.

Punto solicitado polos profesores Legido, Rodríguez Berrocal, Ramos, Cruces, Vidal e Pereira, de acordo co establecido no artigo 10.3 do Regulamento de réxime interno de Consello de Goberno (dez por cento dos membros de Consello de Goberno).

Ten solicitado participar como interesado o Prof. Cabeza.

O reitor da a palabra ao Prof. Legido quen explica que o motivo da inclusión deste punto é a insistencia de coordinadores de masters e programas de doutoramento de que os novos títulos oficiais figuren no POD. A insistencia é que toda a actividade do PDI ten que figurar nalgún lugar e ese lugar é o POD e considera que a concesión de créditos con outros parámetros non é un sistema axeitado para a universidade. Outro tema nos masters universitarios é decidir como se computa a docencia dos profesores en cada universidade. E manifesta o seu desacordo coa retribución da docencia pois entende que a única docencia que se pode retribuír é a de carácter non oficial. Entende que tamén isto xera dificultades en relación ao PAS que non pode ser retribuído. Solicita que o Consello de Goberno aprobe a inclusión de máster e doutoramento en POD.

A Prof. Cruces intervén para dar o seu apoio a esta proposta porque entende que a situación actual está afectando á oferta sobre todo en centros onde non hai folgura, ademais de que se están perdendo oportunidades con universidades estranxeiras.

O Prof. Cabeza agradece que se lle permita intervir pese a non ser membro do Consello de Goberno. Entende que este é un tema estratéxico da universidade e que se está perdendo o tren. Sinala que hai argumentos xurídicos que avalan esta proposta e que por iso presentou un recurso de reposición que non se respostou pero que mañá presentará recurso contencioso-administrativo. Como coordinador de máster séntese desprotexido porque carece de respaldo institucional. No que respecta ás retribucións considera que o feito de que se cobre por docencia oficial trae consigo desaxustes entre profesores. Considera que se están creando chiringuitos nos que se cobra con criterios opacos. O modelo é externalizador e os profesores convértense en xestores externos. Conclúe sinalando que se ten optado por un modelo liberal e reitera a súa intención de presentar demanda xudicial.

Intervén a Prof^a. Blanco para sinalar que neste momento, en pleno proceso de cambio, non procede a inclusión da docencia en POD. É necesario experimentar como queda o grao e despois responsablemente haberá que decidir que se fai.

A vicerreitora de Titulacións e Conxerxencia Europea inicia a súa intervención cun resumo da situación actual, na que se ten un modelo de títulos que se extinguen e outro modelo de futuro. Superada unha fase de inestabilidade normativa onde se pasou do R.D. 56/2005 ao R.D. 1397/2007 e neste momento, xa se sabe como se pode progresar tendo en conta dúas premisas: a autonomía da universidade e a necesidade de render contas.

Nas titulacións coexisten dous sistemas, os títulos antigos e os novos que se se poñen en paralelo suporían uns recursos humanos e materias dos que a universidade non dispón e a maiores aínda existen moitas incertidumes, así a consideración de que é un crédito ECTS.

Centrándose xa nos masters, sinala que hai dous perfís claros: o profesionalizante, implicado con empresas e institucións e con prácticas profesionais, e que neste momento son 20 con 170 convenios firmados con empresas e institucións; e o investigador que está asociado ao doutoramento.

Sinala que neste modelo, estanse a poñer en marcha contratos-programa con flexibilidade organizativa para os doutoramentos e tamén para os masters profesionalizantes. Rexeita a calificación de chiringuitos porque os masters deben ser acreditados, ademais réndense contas e contan cun sistema de calidade.

En contestación á consideración do Prof. Legido sobre o rexistro da actividade do profesor, sinala que toda a actividade está rexistrada e asínanse certificados de recoñecemento da actividade do profesor pola secretaría xeral. En relación á retribución dos PAS, sinala que a xestión administrativa dos masters está nos centros e o modelo é claro. Por último, considera que non se están perdendo oportunidades como amosa que temos neste momento 30 masters funcionando e 17 novas propostas e recorda que noutras universidades a docencia dos masters se inclúe en POD pero a custe 0.

O Prof. Berrocal manifesta que se están mesturando varias cousas. Considera que o feito de que estamos en situación de transición non quere dicir que non se poida incluír en POD a docencia, posto que eles non están falando de prazas nin de docencia consolidable, senón unicamente de inclusión en POD. Entende que é absurdo dividir entre máster profesionalizante e investigador e que se compute a estes últimos como desgravación docente. Fai referencia á reunión mantida cos vicerreitores de Investigación e de Titulacións e Convergencia Europea sobre o doutoramento onde se expuxo o contido do contratos-programa para os programas que teñen mención de calidade e sinala que a concesión de 80 créditos fai empeorar a situación actual.

O Prof. Legido insiste no tema do modelo a seguir, sinalando que o máster é docencia oficial e non se diferencia entre investigador e profesionalizante. Pregunta se no caso das enxeñarías o máster é obrigatorio e se consideraría como un máster profesionalizante. Entende que a universidade ten un orzamento e iso é indiscutible, pero aquí o que se discute é a inclusión en POD e despois con prudencia xa se debaterá o tema orzamentario. No que respecta á obtención de certificacións de docencia, manifesta que é moi complicada a obtención das mesmas.

O Prof. Cabeza expón que nesta universidade hai áreas grandes e pequenas e as pequenas tamén queren ter masters e proxectos de investigación pero que a universidade non lle deixa. Entende que os departamentos son os garantes institucionais da docencia e entende que o modelo da universidade é contractualizador e liberal. Por último, manifesta que estarían dispostos a esperar a que transcorra o período de transición pero danse conta de que o exposto é un modelo estrutural.

Intervén a Prof^a. Suárez para sinalar que parte do problema ven de que se deseñou o posgrao antes da implantación do grao.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea explica que o sentido da sinatura de contratos-programa no caso dos másters débese a que se trata de que os promotores poidan decidir con flexibilidade a asignación da docencia, fronte ao que suporía que se incluían no POD. Eses contratos-programa están modulados polo número de alumnos. No que respecta ás dificultades na emisión de certificacións de recoñecemento da docencia impartida nos masters, anuncia que se están implantando ferramentas informáticas para facilitala.

O reitor intervén para sinalar que como é sabido, a nova oferta pública de posgrao foi desenvolvéndose antes dos novos títulos de grao e, polo tanto, nun marco experimental que nos permitiu asistir ao nacemento e ao enterro dos POPs e no que a sensación de provisionalidade estendeuse ata hoxe mesmo, data na que non temos claro, por exemplo, cómo vai ser a transición do vello ao novo doutoramento.

A incorporación dos masters á oferta de títulos públicos no sistema universitario español prodúcese a partir dos Reais Decretos 55 e 56/2005, que foron seguidos a nivel autonómico polos Decretos 13 e 66/2007 e tivo a primeira corrección importante a nivel estatal no R.D. 1393/2007, de 27 de outubro. Esta lexislación optou por abrir este novo espazo formativo de xeito flexible, para que cada universidade puidese escoller o perfil da súa oferta. O formato básico dos novos títulos está definido con tres perfís (profesionalizante, de investigación e académico) e a partir deles poden engadirse outro tipo de combinacións (académico-investigador e académico-profesionalizante, por exemplo).

A aposta deste equipo de goberno no que respecta á oferta de masters públicos se canaliza ao redor de dúas tipoloxías básicas e unha terceira sobrevida por razóns de complementariedade e de rango normativo. As dúas tipoloxías básicas son:

a) Os *Masters de Investigación*, vinculados a un programa de doutoramento, con *condicións de calidade e recoñecemento directo en POD*.

b) E os *Masters Profesionalizantes*, con *condicións de colaboración externa, sin recoñecemento en POD e con incentivos económicos*.

Na opinión deste equipo de goberno, durante os vindeiros catro anos (é dicir, ata finalizar o terceiro curso dos novos graos), a Universidade de Vigo debe centrar esforzos en consolidar esta oferta, tratando de que cada ámbito, cada centro, cada titulación, cada departamento, cada grupo encontre nela o sitio no que se atope máis cómodo e onde poida desenvolver mellor ás súas capacidades.

Consolidada esta oferta, no último ano dos novos graos teranse que poñer en marcha os masters obrigatorios para o exercicio das profesións da avogacía, do ensino secundario, e da enxeñaría. Este será o momento para facer balance e verificar se cada quen foi atopando o seu sitio, ou se, polo contrario, algún dos novos graos ou dos ámbitos quedou sen saída ao posgrao.

Este é o modelo que tratamos de configurar pouco a pouco, coa cautela que demanda unha situación cambiante como a descrita. E neste momento xa se está en condicións de completar case integramente o modelo de posgrao, a expensas de posibles cambios que poidan derivar dunha nova regulación do doutoramento. O compromiso deste equipo, como xa se sinalou con ocasión da aprobación do plan estratéxico, é presentar no primeiro trimestre do próximo curso un documento que desenvolva formalmente estas ideas e poida ser debatido polo Claustro.

Non obstante, o reitor aproveita a ocasión para expoñer algúns argumentos que avalan a opción presentada:

Entende que é un modelo flexible de masters, que potencia as capacidades da universidade.

En canto ao máster profesionalizante, considera que é un título de elevada cualificación específica para o mercado de traballo, que non é continuidade directa do grao, e non é polo tanto, o quinto curso que desaparece. Outras características distintivas serían: que debe dar resposta á demanda formativa circundante (por exemplo: automoción, enerxía, acuicultura, edificación...), por elo, debe ter carácter flexible e adaptable, de xeito que poida cambiar ao mesmo ritmo que as sinais da demanda laboral; debe incorporar desde o seu inicio, na súa docencia, ás institución e empresas máis relevantes e aos mellores profesionais do sector; deben ofertarse a partir de convenios firmes de colaboración con empresas e institucións que garantan esa participación sectorial, que garantan as prácticas obrigatorias e os proxectos de máster aos estudantes, e que abran as primeiras expectativas para un emprego posterior.

Entende o reitor que para conseguir una oferta deste tipo ten que ser voluntaria, e flexible e, polo tanto, non encaixa nas lindes do POD, en canto é precisa a mellor docencia externa sen discusións de venia docendi, de curriculum académico, de cargo ou de antigüidade.

Por último, considera que esta é a oferta distintiva desta universidade, que confirma a primacía na transferencia e na vinculación institucional-empresarial da nosa oferta. Seguidamente da os datos actuais: 22 masters profesionalizantes da Universidade de Vigo, con 170 convenios específicos de colaboración.

No que respecta aos masters de investigación deben vincularse ao doutoramento e con repercusión en POD, debido a que se parte de resultados estables de produción científica, produto de liñas de investigación de longo percorrido, xerados en grupos de maduración lenta e integrados case de xeito exclusivo pola cadro de persoal da universidade. Polo tanto, o que esta aposta necesita é continuidade a partir dun cadro de persoal propio e estable. Por iso, o recoñecemento de actividade que propoñemos neste caso é diferente a do máster profesionalizante, a partir das normas básicas de POD. Sen embargo expón o reitor que no referido ás teses doutorais, a eficacia dos nosos programas é reducida. Apenas leen tese o 10% dos alumnos matriculados, cunha cualificación de programas en termos de calidade moi mellorable. Esta carencia explica a vinculación do esquema que se propón aos criterios de calidade, e a definición de incentivos crecentes para mellorar eses resultados.

Por último, deixase unha porta aberta no futuro á posibilidade de definir unha terceira tipoloxía de máster, na que, ademais dos masters obrigatorios para o exercicio profesional en dereito, ensino secundario e enxeñaría, poidamos incorporar unha oferta adicional para aqueles ámbitos, centros ou titulacións que durante os próximos anos non atopen acomodo nas dúas tipoloxías anteriores.

Reitera para concluír que o modelo é: dun lado, máster investigador, vinculado ao doutoramento, con criterios de calidade e con repercusión en POD; doutro lado, máster profesionalizante con requisitos de convenios externos, sen repercusión en POD e con

incentivos económicos. Engade que, despois, cando estea implantado todo o grao, abrirase a opción de falar de máster académico.

O Prof. Berrocal manifesta que a súa visión é distinta da exposta polo reitor porque entende que o máster é un estudio especializado e non se poden facer distincións. Na actualidade os masters profesionalizantes funcionan ben e os investigadores mal. A este respecto pon o exemplo do doutoramento que el coordina que é o que ten máis alumnos da universidade pero que non interesa pasar a POP polas condicións existentes. Tamén participa nun máster con mención de calidade e están pensando se se pasan a máster ou non porque perden co cambio.

O reitor contesta que en relación ao máster de investigación falouse no documento de I+D presentado no Claustro e se levará a maiores un documento xeral ao Consello de Goberno onde se debaterá. O que se expuxo é unha liña de traballo que se non funciona haberá que pensar que ocorre, pero polo momento non é o caso, aínda que pode existir algunha situación distinta e especial.

O Prof. Legido reitera que se teñen visións diferentes da realidade e entende que o reitor se move nunha situación ideal con situacións difíciles de alcanzar onde se pide un gran esforzo ao profesorado. Ademais reitera que existe incertidume para o PAS e o profesorado e cree que o contrato-programa non é unha solución axeitada para o máster investigador.

O Prof. Cabeza manifesta o seu desacordo no relativo á estratexia a seguir polo equipo de goberno e considera que se poden establecer garantías suficientes para evitar que ocorra todo o que o reitor expón se a docencia está en POD. Considera que debe haber sinerxías cos profesionais pero que estes non substitúan ao profesorado universitario. Por último, sinala que existe un problema estrutural e existen asimetrías nos cadros de persoal da Universidade de Vigo.

O reitor replica que se trata de incorporar aos mellores profesionais na docencia do posgrao e no de substituír ao profesorado da Universidade de Vigo. No relativo aos cadros de persoal aclara que non haberá actualización do cadro de persoal asociado aos masters. Na Universidade de Vigo estase tratando de captar ao mellor persoal posible a través do plan de promoción e fora do POD.

O Sr. Pérez Mato considera moi ilustrativa a intervención do reitor e comparte con el a idea de oferta de calidade. Aproveita para presentar dúbidas desde o punto de vista dos alumnos que cursan un máster investigador ou profesionalizante e pregunta se a titulación é equivalente e se existen pasarelas que permitan pasar de un a outro.

O reitor contesta que os dous son masters oficiais pero non teñen os mesmos efectos porque so o investigador da acceso directo ao doutoramento.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Sr. Pérez Mato, o reitor explica a diferenza entre a situación actual e a nova de grao e posgrao, no que respecta ao doutoramento.

A Prof^a. González Vázquez pregunta ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que ocorre se un profesor ten folgura no grao e solicita que se inclúa en POD a docencia de POP.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado dubida sobre que se entende por POD, porque as desgravacións están en POD e sinala que se recoñece a docencia nos posgraos a todo o profesorado, tanto ao que ten folgura como ao que non a ten.

O reitor, a efectos de votación sintetiza todo o dito, sinalando que o modelo do equipo de goberno é o seguinte:

Dous modelos de máster: o investigador vinculado a programas de doutoramento, con criterios de calidade e con repercusión en POD, de acordo co previsto no documento de I+D; o profesionalizante, co requisito de convenios externos, sen repercusión en POD e con incentivos económicos.

O Prof. Legido puntualiza a proposta do reitor sinalando que o máster investigador supón un contrato-programa.

Debátese sobre esta cuestión entre o reitor e o Prof. Legido, quen sinala finalmente que a súa proposta é a inclusión en POD do máster e doutoramento.

O reitor pregunta se a inclusión en POD significa esgotar a dedicación de 8 horas e o resto da docencia se considera voluntaria como fai a Universidade de Santiago.

O Prof. Legido resposta que o profesor pode ter mais ou menos horas en POD, pero todas figuran no mesmo.

O reitor considera que isto non é repercusión en POD senón inclusión no mesmo e pregunta que significa a repercusión en POD en enxeñaría, ámbito no que a folgura actual non supera o 3 % da dedicación docente do PDI.

O Prof. Berrocal sinala que o punto o propoñen os asinantes e a votación terá que ser si ou non ao que se propón.

Debátese sobre o contido da proposta que se vai votar entre o reitor e os profesores Legido e Berrocal.

O Prof. Berrocal concreta que eles non falan de docencia voluntaria nin de saída de prazas nin tampouco de desgravacións, senón de inclusión no POD. Refírense unicamente a inclusión no POD, non á repercusión que teña a mesma.

A Prof^a. González Vázquez sinala que se inclúe en POD pero non se inclúe na docencia do departamento, como di o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.

O Prof. Cabeza entende que unha votación deste tema ten preguntas asociadas e pide que se vote si ou non e despois poderanse facer outras propostas.

O reitor como votante trata de clarear que significa a inclusión en POD, se é con efectos de asignación docente ou sen efectos de asignación docente.

Debátese sobre o tema e finalmente decídese votar dúas propostas

1ª.- Inclusión en POD da docencia de máster e doutoramento.

2ª.- Dous modelos de máster: o investigador vinculado a programas de doutoramento, con criterios de calidade e con repercusión en POD, de acordo co previsto no documento de I+D; o profesionalizante, co requisito de convenios externos, sen repercusión en POD e con incentivos económicos.

O Prof. Rodeiro pide votación secreta.

Feito o recuento dos votos, o resultado é o seguinte:

- Votos emitidos: 39

- Votos en branco: 7

- Votos a favor da proposta 1ª: 10

- Votos a favor da proposta 2ª: 22.

Apróbbase por maioría a proposta 2ª.

Punto 7. Aprobación, se procede, da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES.

Cédese a palabra a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido concreto da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES que se recolle no **anexo II**.

O prof. Legido intervén para sinalar que este regulamento é importante e necesario pola afluencia de alumnado de fora ao que se lle deben dar facilidades.

Apróbbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da execución da sentenza respecto á RPT de PAS funcionario de 2006.

Ten sido invitado como interesado o Sr. Cebro, presidente da Xunta de Persoal Funcionario.

Ten a palabra a xerente da universidade quen expón as circunstancias que deron lugar á presentación dun recurso contencioso-administrativo por parte de varios funcionarios da Universidade de Vigo fronte á RPT aprobada no ano 2006 e a correspondente sentenza, que xa adquiriu firmeza, que estima parcialmente o citado recurso e declara a nulidade da RPT por falta do preceptivo informe do Consello Social e falta de motivación.

Do que se trata con este punto é de proceder a realizar os trámites para executar a sentenza de nulidade e polo tanto, se trae a este Consello de Goberno para su aprobación con toda a documentación preceptiva, isto é, a correspondente xustificación da mesma, e o informe favorable do Consello Social reunido o 30 de xuño deste ano.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, de modificacións parciais da RPT de PAS funcionario.

Ten sido invitado como interesado o Sr. Cebro, presidente da Xunta de Persoal Funcionario.

Ten a palabra a xerente da universidade quen sinala que se trata de facer unha modificación puntual da RPT de funcionarios que se refire ao persoal adicado á xestión de persoal da Universidade de Vigo, xa que se crea un novo servizo de retribucións, xunto aos xa existentes de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Ademais a reforma supón a supresión do posto de vicesecretario xeral e desaparece a mención “a extinguir” na praza de coordinadora da secretaría xeral.

O Sr. Cebro inicia a súa intervención agradecendo a súa invitación para intervir neste Consello de Goberno e pon de manifesto que, fronte a difícil situación inicial de relacións coa xerencia, agora tense aberto o camiño do diálogo entre os representantes do persoal e a xerencia. Pide que se siga por este camiño para continuar avanzando cara unha universidade de calidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da modificación do plan de estudos conducente a titulación propia de Graduado Superior en Deseño Téxtil e Moda.

Cédese a palabra o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, unha vez completados os estudos da primeira promoción, a dirección de estudos de deseño téxtil e moda propón certos cambios para corrixir algúns problemas identificados polo exceso porcentual de creditaxe de certas materias e para suprimir a orientación de “Xéneros de Punto” que tivo escaso número de alumnos. Esta modificación conta co informe favorable de COAP na súa reunión do 22 de xullo.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Curso de especialista en dirección e xestión de recursos humanos – Curso de especialista en dirección e organización das actividades produtivas.

Ten a palabra o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que ambos cursos contan co informe favorable da COAP do 22 de xullo.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento de actuacións de investigación no marco da campaña inaugural do buque oceanográfico Sarmiento de Gamboa – Declaración de intencións coa Universidade de Bretagne-Sud (Francia) para a cooperación no ámbito laboral – Convenio específico de colaboración coa Université Cadi Ayyad (Marrocos) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Dakota do Sur (EE.UU.) – Convenio específico coa Universidade de Dakota do Sur (EE.UU.) para o intercambio de estudantes – Convenio académico internacional coa Universidade de São Paulo para o intercambio de estudantes, docentes, investigadores e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios – Protocolo de intencións e colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria – Convenio específico de colaboración co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, o Instituto Tecnolóxico de Rocas Ornamentais e Materiais da Construción, a Universidade de Zaragoza, a Universidade Politécnica de Madrid, a Universidade de Granada, a Universidade Autónoma de Barcelona e a Universidade de Alacante, para a realización dunha base de datos de rocas ornamentais e da construción, aplicada tanto a restauración do patrimonio histórico-arquitectónico como a obras civís, no ámbito do estado español – Convenio coa Fundación Universidade de Vigo, para a xestión delegada da realización das prácticas preprofesionais do alumnado da Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento

Sinala o reitor que ao tratar os puntos 13, 14 e 15 de procesos electorais, trataranse conxuntamente.

Punto 13. Elección para cubrir unha praza vacante do sector estudantes no Consello Social.

Punto 14. Elección para cubrir unha praza vacante do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Punto 15. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (1 profesor e 2 estudantes), Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Organización Académica e

Profesorado (1 estudante) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social e 1 estudante).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de todas as eleccións relacionadas nestes puntos da orden do día, só é necesario facer votacións por haber mais candidatos que postos a cubrir, no Consello Social, e nas Comisións de Extensión Cultural e Estudiantes e de Organización Académica e Profesorado (en todos os casos para cubrir vacantes polo sector de estudantes).

No Consello Social, de acordo co artigo 24 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, procede a elección dun representante de estudantes:

Os candidatos son os seguintes:

ÁLVAREZ PEREIRA, CARMEN SUSANA
FARIÑAS VALIÑA, IAGO
RIOBÓ FERNÁNDEZ, AÍDA

Na Comisión de Extensión Cultural e Estudiantes, de acordo co artigo 18 do Regulamento de réxime interno de Consello de Goberno, haberá que elixir a dous representantes de estudantes:

Os candidatos son:

PUGA ALONSO, JAVIER
RIOBÓ FERNÁNDEZ, AÍDA
VARELA MARTÍNEZ, IAGO

Na Comisión de Organización Académica e Profesorado hai unha praza vacante polo sector estudantes.

Os candidatos son:

RÍOS CURRÁS, MOISÉS
RODIL FERNÁNDEZ, OLALLA

Expón seguidamente a secretaria xeral o procedemento para as votacións: haberá unha única urna para todas as votacións e as papeletas para votar son de cor diferente.

- Para o Consello Social a papeleta é de cor branco.
- Para a Comisión de Extensión Cultural e Estudiantes a papeleta é de cor azul.
- Para a Comisión de Organización Académica e Profesorado a papeleta é de cor rosa.

Írase chamando aos alumnos para votar.

Feito o recuento o resultado é o seguinte:

Consello Social:

O reparto de votos é o seguinte:

ÁLVAREZ PEREIRA, CARMEN SUSANA: 2
 FARIÑAS VALIÑA, IAGO: 4
 RIOBÓ FERNÁNDEZ, AÍDA: 0

Comisión de Extensión Cultural e Estudiantes:

O reparto de votos é o seguinte:

PUGA ALONSO, JAVIER: 2
 RIOBÓ FERNÁNDEZ, AÍDA: 2
 VARELA MARTÍNEZ, IAGO: 2

Comisión de Organización Académica e Profesorado:

O reparto de votos é o seguinte:

RÍOS CURRÁS, MOISÉS: 4
 RODIL FERNÁNDEZ, OLALLA: 2

A composición de órganos e comisións é a seguinte:

Representante de estudantes no CONSELLO SOCIAL:

FARIÑAS VALIÑA, IAGO

Na COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS A PRAZAS DE PROFESORADO CONTRATADO queda vacante a praza do sector de estudantes porque non hai candidatos presentados.

Representante de profesorado na COMISIÓN DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES:

SUÁREZ PAZOS, MERCEDES

Representantes de estudantes nesa mesma comisión:

Ante o empate entre os tres candidatos, en aplicación do artigo 18.6 do Regulamento de réxime interno do Consello de goberno que indica que "nos casos de empate dentro dunha mesma lista darase preferencia á antigüidade na Universidade de Vigo" os novos membros da comisión serán:

PUGA ALONSO, JAVIER
 VARELA MARTÍNEZ, IAGO

Representante de estudantes na COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN:

TOURÓN ESTÉVEZ, SONIA

Representante de estudantes na COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO:

RÍOS CURRÁS, MOISÉS

Representante de estudantes na COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E ASUNTOS ECONÓMICOS:

ÁLVAREZ PEREIRA, CARMEN SUSANA

Nesta mesma comisión queda vacante o posto do membro de Consello Social, ante a falta de candidatos presentados.

Punto 16. Rogos e Preguntas.

O Prof. Berrocal fai unha pregunta ao vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade sobre a emisión de carnés a profesores que colaboran en programas de doutoramento.

O vicerreitor resposta que se está estudando esa posibilidade.

O vicerreitor de Planificación sinala que se teñen emitido tarxetas xenéricas a todo o profesorado de programas de doutoramento e se está estudando, tamén desde o punto de vista xurídico a posibilidade de emisión de carnés a todo o profesorado de programas de doutoramento, centros adscritos, etc.

O Sr. Puga, expón que é a primeira vez que asiste ao Consello de Goberno pero lendo a acta da reunión anterior viu que se debateu sobre a transformación das enxeñarías e sobre a postura do reitor de actuar con prudencia na mesma, agardando ata o 2010. Pregunta se a transformación será en bloque ou se é posible que algunha se adiante.

O reitor resposta que é necesario diferenciar entre as enxeñarías que teñen atribucións profesionais e aquelas que no teñen, porque en relación ás primeiras o Ministerio aínda non aprobou as directrices que se espera sexan para setembro. Esta circunstancias obrigan a esperar.

O Prof. Sueiro fai unha reflexión sobre a cuestión da mobilidade de profesorado entre campus e sobre a necesidade de suscitar que facer con este tema nun momento de transformación das titulacións co obxecto de aproveitar mellor os recursos humanos existentes na universidade.

O reitor resposta que efectivamente este é un tema que xa se está debatendo no equipo de goberno. Sinala que unha liña importante é a creación de departamentos por campus, que é unha demanda histórica e que resolvería moitos problemas sobre esta mobilidade.

O Sr. Fariñas roga que se modifique o artigo 26.3 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno que esixe que as candidaturas para formar parte da comisión de reclamación de prazas de profesorado contratado vaian avaladas por 10 sinaturas de membros de Consello de Goberno.

Resposta a secretaria xeral que nos atopamos en pleno proceso de reforma dos estatutos e o momento axeitado para acometer a modificación dos regulamentos será despois da citada reforma.

Continúa o Sr. Fariñas preguntando á xerente se vai ser posible proceder á apertura da biblioteca a partir do 15 de agosto con horario mais amplo para permitir a preparación dos exames de setembro.

A xerente contesta que neste momento estase en proceso de selección de persoal para a contratación do mesmo.

O Sr. Fariñas solicita que se lle informe para transmitir esa información aos representantes de estudantes.

Por último o Sr. Fariñas roga que non se convoquen Consellos de Campus cando aínda no houbo eleccións a membros de Consello de Campus.

O vicerreitor do Campus de Ourense resposta que a razón da convocatoria se debeu a que era un consello extraordinario para resolver as peticións de axudas da Asociación de Estudantes e que non era posible pospoñelo para mais tarde.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:25 horas do día 23 de xullo de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor



Reitor
Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral
Esther M^a Gonzalez Pillado